

## XIX EDICIÓN DA CARRERIA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA

### REGULAMENTO

**Art.1.-** A Fundación de Deportes organiza a XIX Edición da Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía o sábado 29 de xullo do 2023; baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo, a través da súa delegación en Pontevedra.

**Art. 2.-** Proba incluída no Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e controlada a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e tamén por control de chips a través de Championship.

### **Art. 3.- CATEGORÍAS , DISTANCIAS E HORARIOS DE SAÍDAS.**

Poderán participar na mesma todas as persoas que queiran independentemente do sexo e idade, segundo as categorías que a continuación se establecen, tanto masculina como feminina:

CATEGORÍA	ANO	DISTANCIAS	SAÍDA
Sub 6	2018 e posteriores	100 m	21:00
Sub 8	2016 - 2017	500 m	21:15
Sub 10	2014 - 2015		
Sub 12	2012 - 2013	1000 m	21:30
Sub 14	2010 - 2011		
Sub 16	2008 - 2009	1800 m	21:45
<b>Sub 18</b>	2006 - 2007		
<b>Sub 20</b>	2004 - 2005	10.000 METROS	22: 30 HORAS
<b>Sub 23</b>	2003, 2002, 2001		
<b>Senior</b>	2000 - 1987		
<b>Máster A</b>	1986 - 1979		
<b>Máster B</b>	1978 - 1969		
<b>Máster C</b>	1968 e anteriores		

. \*As distancias son orientativas e non homologadas.



#### **Art. 4.- LUGAR DE SAÍDA E PERCORRIDO**

A saída de todas as carreiras será dende Avenida da Mariña diante do auditorio municipal.

Marcaráanse as saídas en distintos puntos do percorrido en función da distancia que teña que percorrer cada categoría.

O percorrido por onde se vai a levar a cabo a devandita carreira será polas seguintes rúas:

Avda. da Mariña, Avda. Rivero de Aguilar, Peirao de Pasaxeiros, Rúa Valle Inclán, García de Caamaño, Alexandre Bóveda, Elipidio Villaverde e Avda. da Mariña.

#### **Art. 5.- INSCRICIÓN**

A inscrición para a proba realizarase dende o día 7 de xullo na páxina web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) ata as 23:59 h do 27 de xullo do presente ano.

A inscrición para a proba absoluta terá unha cota de inscrición de 5,00€ por participante + 1,00 € de aluguer de chips. A inscrición nas outras probas será gratuíta.

A inscrición na proba absoluta estará limitada a 350 participantes, os cales serán os 350 primeiros inscritos. Unha vez transcorrido o prazo de inscrición non se fará ningún tipo de modificación, a cota de inscrición só será devolta aos inscritos no caso de ausencia por motivos médicos xustificadas.

A inscrición nas categorías de sub6, sub8, sub10, sub12, sub14 e sub16 será gratuíta a través de [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) dende o día 7 de xullo ata as 23:59 h do 27 de xullo do presente ano.

#### **Art. 6.- PREMIOS**

A entrega de trofeos da proba absoluta realizarase a partir das 23:30 horas na zona de Saída-Meta no explanada do Auditorio Municipal. As outras categorías iranse entregando segundo van rematando.

Todos os atletas premiados cumprirán estrictamente as indicacións da organización e os protocolos establecidos para recoller os trofeos.

Os premios que se entregarán aos participantes da proba serán os seguintes:

- Medallas para todos os participantes das categorías sub6, sub8, sub10, sub12, sub14 e sub16.
- Trofeo para os tres primeiros clasificados/as en cada categoría (masculino e feminina) a partir da categoría sub8.
- Trofeo para os tres primeiros clasificados/as absolutos masculino e feminina.



- Trofeo para os tres clasificados locais masculino e feminina da proba absoluta.
- Trofeo para o/a deportista máis veterano/a.
- Camiseta conmemorativa aos participantes da proba absoluta.

Os trofeos non son acumulativos, salvo os de mellores locais.

#### **Art. 7.- RETIRADA DE DORSAIS E CHIPS**

No Auditorio Municipal o día 29 de 11:00 a 14:30 horas e pola tarde dende ás 18:00 ata 45 minutos antes de cada proba por categoría, na secretaría da organización.

A organización con antelación suficiente facilitará a cada participante as instrucións para a recollida de dorsais e do desenvolvemento da proba no correo facilitado na inscrición e nos soportes dixitais que a organización empregue para a promoción e información do evento.

Os dorsais son persoais e intransferibles e irán colocados na parte anterior do corpo de forma totalmente visible durante toda a proba. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de descualificación.

#### **Art. 8.-DESCALIFICACIÓNS**

Todo corredor/a que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito ou que incumpra as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas en ruta, poderá ser descalificado.

Na proba absoluta o control de chegada pecharase 30 minutos despois da entrada do primeiro corredor, quedando descalificados os que entren a posteriori de ese tempo estipulado.

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ós participantes. Asemade non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, nin correr acompañados destes en ningún momento.

#### **Art. 9.- RECLAMACIÓNS.**

As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ó Xuíz Árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.



#### **ART.10. RESPONSABILIDADE.**

A persoa participante declara, baixo a súa responsabilidade, que realizou o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para correr a proba. A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse as persoas participantes polas súas imprudencias ou negligencias.

A organización dispón dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil que cubrirá as incidencias inherentes a proba.

#### **ART.11. LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.**

Todos/as os/as corredores/as, incluídos menores de idade, ao realizaren a inscrición, aceptan e autorizan á organización á publicación do seu nome, da súa imaxe e vídeos nas clasificacións, nos medios de comunicación e en internet ou noutro medio de difusión.

#### **Art. 12.- SERVIZOS.**

A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes.

Asemade contarase co servizo de ambulancia medicalizada.

Próximo ao circuito contase con espazo de parking gratuíto onde estacionar os vehículos dos participantes.

Disporase dun servizo de gardarroupa.

**Art. 13.-** O feito de inscribirse nesta carreira implica a total aceptación do presente regulamento. Todos os inscritos fanse responsables de acatar dito regulamento e o seu descoñecemento non exime do seu cumprimento.

**Art. 14.-** Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co regulamento de FGA, RFEA e WA en vigor e por esta orde.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición a persoa participante consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e responsabilidade civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso, e tal e como establece a Lei de



Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Fundación de Deportes

Recinto Fexdega  
36600 Vilagarcía de Arousa  
T 986 566 898  
CIF: P/8660001-B  
fdeportes@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

protección de datos persoais, a persoas interesada pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico a Federación Galega de Atletismo (avda. de Glaegow, 13, 15008, A Coruna).

A ORGANIZACIÓN: FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZO DEPORTIVOS MUNICIPIAS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA